

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS NA EMPRESA DO GRAO EN COMERCIO DA FACULTADE DE COMERCIO

Aprobado na Xunta de Facultade do día 10/05/2024

- 1) As prácticas obrigatorias previstas non plan de estudos do Grao en Comercio realizaranse tendo en conta a normativa xeral aplicable á realización de prácticas:
 - 1.1. R.D 592/2014 do 11 de Xulio, polo que se regulan as Prácticas Académicas Externas do Estudantado Universitario
 - 1.2. Normativa de Prácticas Externas da UVIGO (CG 29/04/2021 e modificado no CG 22/11/2023)
 - 1.3. O presente Regulamento.
- 2) As prácticas obrigatorias previstas no plan de estudos do Grao en Comercio realizaranse unicamente en empresas ou institucións que teñan Convenio coa Universidade de Vigo para tal fin, e a súa xestión recae na persoa que ocupe o **Vicedecanato de Relacións Externas e Alumnado**, que será o/a coordinador/a da materia.
- 3) O contido da práctica terá unha duración máxima de 150 horas, e estará encamiñado á aplicación dos coñecementos teórico-prácticos adquiridos durante o período de docencia.
- 4) As prácticas son tuteladas polo que o estudantado poderá consultar coas persoas titoras da empresa ou institución, e da Universidade calquera dúbida ou problema.
- 5) Os requisitos para poder acceder a realización de prácticas son:
 - a) Estar matriculado na materia de prácticas académicas externas
 - b) Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título que estean cursando
- 6) Con carácter xeral as prácticas poderán solicitarse en dous prazos, a principios do primeiro cuatrimestre ou a principios do segundo cuatrimestre. Comunicarase por parte da persoa titora académica as datas concretas para a solicitude en cada prazo.
- 7) Quen coordine resolverá a adxudicación de prácticas do alumnado, considerando os requisitos específicos establecidos no seu caso polas empresas e as preferencias do alumnado, para os cales utilizarse a orde de prioridade dos criterios; expediente académico, e número de materias aprobadas.
- 8) O estudantado non terá en ningún caso relación ou vinculación laboral coa empresa. Mentres dure a práctica non se poderá formalizar ningunha modalidade de contrato de traballo entre a empresa e o estudantado.

- 9) O estudantado poderá solicitar o recoñecemento de créditos da súa actividade laboral ou profesional polas prácticas obrigatorias. Cada solicitude será estudada individualmente pola persoa coordinadora da materia que valorará a adecuación da actividade realizada e a súa duración. Requírese en calquera caso unha experiencia profesional superior ou igual a 240 horas, e a actividade debe estar claramente relacionada coa docencia impartida no Grao.
- 10) O estudantado que realice prácticas académicas externas **extracurriculares** en empresas poderá solicitar o recoñecemento de créditos das mesmas sempre que cumpran os requisitos de duración e contidos establecidos no presente regulamento.
- 11) Cada estudante será avaliado pola empresa mediante o Anexo IV-Informe do/a titor/a da empresa/entidade segundo os criterios que nel figuran.
- 12) Finalizada a práctica, e obrigatorio presentar unha memoria das actividades realizadas para a súa avaliación acompañado do Anexo VI-Informe final do/a estudante en prácticas.
- 13) De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos, o estudantado en prácticas que por razón de actividades formativas teña acceso a datos de carácter persoal ou confidencial non revelará a persoa allea á empresa ou entidade a información da que tivese coñecemento, nin poderá utilizala ou dispoñer dela con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.
- 14) Para o caso das prácticas en empresas internacionais (ERASMUS+) a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) establece que a normativa para a realización de prácticas curriculares externas no estranxeiro é a mesma que para as prácticas en España, con todo, é necesario tramitar un convenio adaptado ás peculiaridades deste tipo de prácticas xestionado pola ORI.

Vicedecano de Relacións Externas e Alumnado